

FUCK THE POLIS

Rita Azevedo Gomes, 2025

1668

ESTREA EN NUMAX: 19.01.2026 | V.O.S.E. | 74 min

Hai vinte anos, créndose condenada, Irma emprende unha viaxe a Grecia. Hoxe volve sobre os seus pasos, acompañada por tres mozos. De illa en illa, entre o ceo e o mar, os viaxeiros len, escoitan e viven, levados por unha ansia de beleza e claridade.

«Película lúdica e experimental, feita a contracorrente, con máis corazón e desexo que recursos. O cinema como aventura»

Diego Batlle, OTROS CINES



A viaxe a Ítaca de Rita Azevedo Gomes

Por Paula Arantzazu Ruiz

"Nós exiliamos a beleza; os gregos tomaron as armas por ela", óese en off nun momento de *Fuck the Polis*, a nova película de Rita Azevedo Gomes. Esa sentenza, extraída do belísimo ensaio "O exilio de Helena", de Albert Camus, podería resumir as pretensións que se agochan, arroladas pola suave e melancólica brisa do Mediterráneo, na nova e suxestiva non-ficción da cineasta portuguesa.

Resulta bastante complicado resumir a trama dunha obra igual de esvaradía que o vento, pero *Fuck the Polis* –que segue a viaxe a Grecia dunha muller portuguesa chamada Irma, a quen Azevedo Gomes pon voz mediante unha serie de lecturas– parece insistir na importancia de regresar á beleza da natureza, entendida como a superficie do sacro. Desde tempos inmemoriais, volver a Grecia é ir en busca do lugar de nacemento da cultura occidental. É aí onde logramos arrebatarnos aos deuses o lume e onde naceu a política e as artes. Tamén é o escenario onde se acha, escondido no máis escuro do labirinto, o temido minotauro.

O semideus monstruoso non aparece en ningún momento de *Fuck the Polis*, pero a violencia do mundo intúese como un rumor de fondo, máis aló do son das ondas e da panoplia de estampas en super8 e dixital que imbrican a viaxe da película. Xunto a un relato de João Miguel Fernandes Jorge titulado "A Portuguesa", sobre unha viaxe dunha muller a Grecia en 2007, as palabras do ensaio de Camus axúdanlle á cineasta para tecer unha historia sobre os confíns da civilización.

Non en balde, cando Camus publicou en 1948 "O exilio de Helena", acababa de finalizar unha terrible guerra mundial que supuxo o fracaso dos valores da civilización occidental. O militarismo e o capitalismo promoveron unha destrución absoluta, consecuencia da desmesura e a avaricia, e, con iso, "sacamos o universo da súa órbita", como dicía o filósofo.

Así, Azevedo Gomes aférrase ao pensador en tanto que compás co que navegar cara á súa Ítaca persoal, tratando de deixar á beira un mundo, o contemporáneo, tamén devorado pola desmesura. Fronte a un presente apocalíptico por ultraracional, a portuguesa propón un fresco de instantáneas que convidan a volver á natureza e embriagarse do seu espírito romántico. A poesía (Keats! Byron!) enrédase co vento; a memoria do cinema, dos Lumière a Griffith, coa voz da cantante Maria Farantouri; os mitos deixan paso á ladaíña das tardes de verán; e o vento, que sempre sopra onde quere, sèrvelle á cineasta para a súa singular montaxe de capas e capas intertextuais.

Todo viaxe é sempre un intento de tomar algo que se nos escapa das mans, xa sexa porque o deixamos atrás ou porque imos na súa busca. *Fuck the Polis* foxe da civilización xa desde o seu mesmo título para emprender un titubeante camiño cara a un horizonte incerto. Unha fuga entre o ceo e o mar, con todo, que viu nacer a Homero e pola que viaxaba Ulises de camiño a casa tras a hecatombe troiana.